



**Campionato de Galicia de Marathon** **Č42** Maratón Atlántica



Concello da Coruña



# CAMPIONATO DE GALICIA DE MARATHON

**Č42** Maratón Atlántica  
23/04/17  
**#CORUNNERS**

Ayuntamiento de A Coruña  
CORUÑA DEPORTE  
coruna.gal

## Č42 Maratón Atlántica



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

## DOSSIER DA COMPITICION



Concello da Coruña



## 1. Índice

01.	Indice .....	2
02.	Introducción.....	3
03.	Normas Técnicas do Campionato de Galicia .....	4
04.	Normas Técnicas Maratón Atlántica .....	6
05.	Circuito .....	20
06.	Lebres .....	21
07.	Edicións e palmarés .....	21
08.	Evolución de participación .....	22
09.	Inclusión e integración .....	23
10.	Récords da proba .....	24
11.	Réclacion dez millores mjarcas (por rexistros).	26
12.	Relación destacada de participantes .....	27



Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

## 2. Introducción

O vindeiro domingo día 23 de Abril acontecerá unha das grandes probas atléticas da cidade como é o desenvolvemento do **Campionato de Galicia de maratón** que coincide ca disputa da **Maratón Atlántica A Coruña 42** organizada pola Federación Galega de Atletismo e Concello de A Coruña

Esta importante cita, que camiña decididamente cara a súa sexta edición, verá de novo polas principais rúas coruñesas a varios centos de participantes disfrutar desta importante evento deportiva e social.

Malia contar tan só con seis edicións desenvoltas, tanto o nivel organizativo como de participación da proba, fan deste evento un dos máis importantes do Estado, na que se chegarían a desenvolver en todas as súas edicións os Campionatos de Galicia

### A Coruña, cidade atlética

A Coruña tanto polo seu número coma pola súa calidade en canto a oferta competitiva, pasa por ser unha cidade referente e modélica dentro do mundo atlético. Lembramos que xunto a *Maratón*, outras citas importantes que tamén se desenvolven son a *Media Maratón Coruña-42* (26 de Febreiro) e a *Coruña-10* no mes de Outubro. A maiores a cidade conta tamén ca celebración do *Gran Premio Internacional de Marcha Atlética Cantones da Coruña*, o máis importante das súas características desenvolto a nivel mundial (segundo o máximo organismo internacional de atletismo IAAF), e que este 3 de xuño se achegará a súa trixésimo primeira edición.

Por si todo elo fora pouco o Concello da Coruña oferta o *VI Circuito de Carreiras Populares A Coruña Corre* formado por un total de sete carreiras que se están a desenvolver polos principais barrios da cidade e que rematarán o 24 de Setembro no Ventorrillo.

Toda esta ampla oferta deportiva e atlética fan que a cidade da Coruña sexa todo un referente nacional e mesmo internacional que atrae cada ano a un importantísimo número de atletas (calculado en preto de 20.000) e que de maneira activa e directa toman nas mesmas.



Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

## 3. Normativa Técnica Campionato de Galicia

**Art.1)** A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia, Promesa (1995, 1996, 1997), Absoluto (1994 e anteriores) e Veterán (dende que cumplan 35 anos) individual e por clubs de Maratón que terá lugar na Coruña o vindeiro domingo **día 23 de Abril** do 2017.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
- Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
- Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** O percorrido para a carreira de Maratón está situado no centro urbano da cidade da Coruña. A saída está prevista para as 8:30 na zona do Cantón Grande.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 23:59 horas do 9 de abril do 2017.**

**Art.5).** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría e trofeo os tres primeiros clubs masculinos e femininos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará nin as medallas nin os trofeos. A clasificación por clubs farase tomando como base a suma de tempos conseguidos polos tres primeiros atletas de un mesmo club (dos cales só un pode ser estranxeiro). En caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último corredor que puntúe quede millor clasificado.

**Art.6).** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** A organización establecerá distintos controis polo circuíto para o paso dos participantes.

**Art.8)** A carreira estará controlada polo Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.



Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

**Art. 9)** Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 5 horas e 30 minutos dende o comenzo da proba. Así mesmo, **establecerase un tempo de 2 horas e 45 minutos para o paso polo medio maratón**. Pasado o tempo correspondente a tanto ao primeiro tramo da carreira, como a distancia total, á persoa participante que sigan en carreira deberá retirarse do circuíto oficial de competición.

**Art. 10)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre ás 8.00 e 8.15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnic@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnic@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

**Art.12)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2016-2017), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por este orden



Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

## 4. Normativa Técnica Maratón Atlántica Coruña-42

### Art. 1: Data

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizan o próximo **23 de abril de 2017**, o **VI Maratón Coruña 42**, cunha distancia homologada de 42.195 metros, que coincidirá co **Campionato de Galicia Absoluto e de Veteranos Individual e de Clubs**, incluída no calendario nacional da RFEA. Paralelamente, celebrarase **unha proba de 10 km**.

### Art. 2: Horarios

A saída da carreira terá lugar ás 08:30 h.

### Art. 3: Circuito

O percorrido para a carreira de Maratón está situado no centro urbano da cidade da Coruña. Tanto o circuíto da carreira de Maratón (42.195 m.), como o da carreira de 10 km. están homologados pola Real Federación Española de Atletismo (R.F.E.A).

O circuíto estará completamente pechado ao tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbano. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola Organización.

As carreiras terán lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen utilizar ningunha zona peonil. Está prohibido o uso como zona de carreira das beirarrúas, sebes centrais, zonas axardinadas, etc. O incumprimento desta norma, así como o recortar sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación do infractor.

### Art.4: Control Técnico da Carreira

As carreiras estarán controladas polo Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA.

### Art. 5: Peche de Control de Carreira

O peche da proba de Maratón realizarase ás 14.00 horas (5.30 horas despois da súa saída).

Así mesmo, **establecerase un tempo de 2 horas e 45 minutos para o paso polo medio maratón**.





Concello da Coruña



Pasado o tempo correspondente a tanto ao primeiro tramo da carreira, como a distancia total, á persoa participante que sigan en carreira deberá retirarse do circuíto oficial

## Art.6. Categorías

De acordo coa regulamentación da R.F.E.A. (Real Federación Española de Atletismo) realizaranse as seguintes clasificacións para o Maratón Coruña42:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO
Promesa	1995-1996-1997
Sénior	Dende o 1994 e anteriores ata veteranos.
Veteranos 1	De 35 a 39 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 2	De 40 a 44 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 3	De 45 a 49 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 4	De 50 a 54 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 5	De 55 a 59 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 6	De 60 a 64 anos cumpridos no día da proba.
Veteranos 7	De 65 anos cumpridos no día da proba, en adiante.
Discapacitados (*)	Nados/as en 1997 e anos anteriores

(\*) cadeira de rodas

**Atletas con discapacidade:** En cumprimento do previsto no artigo 16 e 51.6 da LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, incorpórase a participación de atletas con discapacidade en cadeira de rodas.

## Art.7: Inscripcións e cuota

**a) Inscripción en liña:** A través da pasarela de pago inserida na páxina online da Federación Galega de Atletismo [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Estará operativa dende a publicación deste regulamento, **ata as 23:59 horas do 16 de abril de 2017.**

**b) Inscripción presencial:** Cubrindo a folla de inscrición e abonando a correspondente cota, no Departamento de Deportes do Corte Inglés, dende a publicación da data na web e redes, **ata as 22:00 horas do 08 de abril de 2017.**



Concello da Coruña



## LOCALIZACION DE CENTROS COMERCIALES EL CORTE INGLÉS

- A Coruña (Ramón y Cajal 57,59)
- A Coruña (Marineda City. Carretera Baños Arteixo s/n)
- Santiago (Compostela. Rúa do Restollal, 50)
- Vigo ( Gran Vía, 28)

- c) Prazo de inscrición: dende a publicación deste regulamento, ata as 23:59 horas do 9 de abril de 2017.** Por razóns organizativas de recursos técnicos e humanos, así como pola calidade do servizo, é aconsellable que os participantes formalicen a súa inscrición dentro dos prazos establecidos
- d) Prazo extraordinario de inscrición:** No obstante, e para todos aqueles que por causas alleas á organización non poidan formalizar a súa inscrición **antes do 09 de abril, terán a opción de realizala desde as 23:59 h do 10 de abril e ata as 23:59 h do 16 de abril**, cun incremento na cota de participación de 15 €, polo que a cota de participación sería de 40 €.
- e) As inscricións gratuitas para o Campionato Galego** terán que realizarse exclusivamente a través do sistema online da RFEA, <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, **ata as 23.59 do 09 de abril de 2017** (ver circular correspondente)

**f) Non se aceptarán inscricións fóra dos prazos establecidos.**

**g) Cota da inscrición:**

Inscrición gratuíta para os atletas con licenza da FGA debidamente dilixenciada

POPULARES E RESTO DE FEDERADOS	COTA
Ata o 9 de abril de 2017 ou ata chegar aos 1.500	25 €
Prazo extraordinario: do 10 ao 16 de abril de 2017	40 €





Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

**h) Bonificacións:** 50% para maiores de 65 anos, posuidores do Carné Xove e persoas paradas. Para acreditar estas circunstancias é suficiente cunha declaración responsable, que se entenderá realizada no momento que se marque a opción "**solicito bonificación**", no formulario de inscrición en liña ou na folla de inscrición presencial; e enviar os documentos que se detallan a continuación, á Federación Galega de Atletismo mediante un e-mail á seguinte enderezo: [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com)

- *Maiores de 65 anos: fotocopia do DNI.*
- *Posuidores do Carné Xove: fotocopia do DNI e do Carné Xove.*
- *Parados: fotocopia do DNI e informe de períodos de altas e baixas, expedido polo Servizo Público de Emprego (INEM) antes do día da inscrición na carreira ou fotocopia da tarxeta de desemprego.*

O prazo para o envío de documentos por correo electrónica finaliza ás 24:00 h do 09 de abril de 2017.

## Art. 8: Devolucion Parcial da cota

Só se accederá á devolución parcial da inscrición, en caso de lesión ou enfermidade, se se presenta ou envía un informe médico na Federación Galega de Atletismo (Praza Agustín Díaz 1 - Edificio Federaci3ns. 15008 A Coruña).

O importe da devolución virá determinado pola data de presentaci3n do informe médico:

- O 75% da cota se se presenta unha semana antes da celebraci3n da proba,
- ou o 50% se se presenta despois desa data.

No caso de non presentar o citado certificado, non se realizará ningún reembolso.

Para outros supostos xustificadas, a organizaci3n valorará se procede a devoluci3n parcial da cota



Concello da  
Coruña



## Art.9. Entrega de dorsáis e chips

Realizarase o venres 21 e sábado 22 de abril. As persoas corredoras inscritas serán informadas do lugar e horario da entrega.

## Art. 10. Utilización de dorsáis e chips

Os dorsais son persoais e intransferibles, e deben ir colocados na parte de diante de forma totalmente visible, sen dobraduras, e así se deberán levar durante toda a proba. O chip tamén é persoal e intransferible. A inobservancia deste artigo será motivo de descualificación.

Non serán admitidos pola Organización os corredores/as que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e o chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.

## Art.11: Sistema de cronometraxe

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips. Haberá varios puntos de control ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control, serán descualificados se así o decide o xuíz árbitro da proba, coa consecuente non aparición nas listas de resultados oficiais finais.

Haberá marca oficial no paso do Medio Maratón, sempre e cando rematen a proba.

## Art. 12. Colocación previa caixóns de saída

As persoas participantes deberanse colocar na zona acoutada que lles corresponda na Saída, segundo o dorsal que teñan asignado. Deberán estar nos seus postos non máis tarde de 10 minutos antes do disparo oficial de Saída. Estableceranse polo menos cinco caixóns de saída.



Concello da  
Coruña



## Art. 13. Utilización de medios físicos naturais

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo fóra das persoas con discapacidade en cadeira de rodas, debidamente inscritas e que cumpran as normas do IPC Athletics. Calquera dúbida con respecto diso deberá ser consultada coa Organización antes de formalizar a inscrición.

Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alleo á Organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ás persoas participantes. Así mesmo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados destes en ningún momento.

## Art. 14. Avituallamentos

Seguindo as normas da I.A.A.F, instalaranse postos de auga a partir do quilómetro 5 e aproximadamente cada 5 quilómetros.

Haberá postos de avituallamento sólido a partir do quilómetro 10, aproximadamente.

Toda persoa participante que desexe utilizar un avituallamento propio deberá entregalo á Organización ata unha hora antes da Saída, debidamente pechado e marcado co seu número de dorsal e punto quilométrico no que quere atopalo.

No caso de que o/a participante queira que o seu avituallamento persoal se lle entregue en man, é a súa responsabilidade designar e situar una persoa especificamente para esta función. A dita persoa deberá estar acreditada pola organización.

Calquera avituallamento fóra da zona marcada para iso poderá supoñer a descalificación da carreira da persoa infractora.

Así mesmo, poñeranse a disposición dos/as corredores/as colectores suficientes para a recollida dos residuos, que son de uso obrigatorio, polo que a non utilización por parte dos participantes, poderá supoñer a súa descalificación.



Concello da  
Coruña



## Art. 15. Servizos médicos

A proba disporá dos Servizos Médicos recomendados pola R.F.E.A. e de acordo coa lexislación vixente.

Recomendamos a todas as persoas participantes cubrir a parte posterior do dorsal cos seus datos: nome, apelidos, teléfono en caso de emerxencia, se ten algún problema médico (alergia, atencións especiais, etc.) ou se está baixo algún tratamento específico, así como o seu grupo sanguíneo.

## Art. 16. Control Antidoping

É obrigado o control antidopaxe no caso de plusmarcas nacionais ou internacionais. A designación será realizada pola persoa Responsable de Control Antidopaxe nomeada pola R.F.E.A., quen terá a potestade de decidir a súa realización.

## Art.17. Outros servizos

A organización porá a disposición das persoas participantes avituallamento de meta, gardarroupas e duchas.

Tamén haberá a disposición dos/as corredores/as baños portátiles na zona de saída e meta, e noutros puntos do circuito.

Outros servizos complementarios serán o vídeo da chegada a meta, o diploma e a medalla de *finisher*.

## Art. 18. Clasificacións

Realizaranse as seguintes clasificacións no Maratón A Coruña 42:

- Clasificación Xeral Absoluta.
- Clasificación por Categorias Masculina e Feminina.
- Clasificación Absoluta Galegos Masculina e Feminina.
- Clasificación Absoluta Coruñeses Masculina e Feminina.



## Art. 19. Premios e trofeos Maratón Atlántica C42

CATEGORÍA	HOMES	POSTO	TROFEO	PREMIO	Condición <sup>(1 e 2)</sup>
Absoluta	Si	1º	Si	2.500 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	2º	Si	1.700 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	3º	Si	1.250 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	4º		900 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	5º		650 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	6º		450 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	7º		250 €	Realizar 2:12:00 ou menos
Absoluta	Si	8º		100 €	Realizar 2:12:00 ou menos

*(1) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:12:01 e menor ou igual a 2:19:59 aplicarase unha rebaixa do 50%..*

*(2) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:20:00 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.*

CATEGORÍA	MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO	Condición <sup>(1)</sup>
Absoluta	Si	1º	Si	2.500 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	2º	Si	1.700 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	3º	Si	1.250 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	4º		900 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	5º		650 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	6º		450 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	7º		250 €	Realizar 2:32:00 ou menos
Absoluta	Si	8º		100 €	Realizar 2:32:00 ou menos

*1 No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:32:01 e menor ou igual a 2:49:59 aplicarase unha rebaixa do 50%.*

*2 No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:50:00 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.*

## Atletas con nacionalidade española <sup>(1)</sup>

CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1º	Si	800 €
Absoluta	Si	2º	Si	500 €
Absoluta	Si	3º	Si	250 €

*(1) Serán considerados atletas de nacionalidade española aqueles que presenten o correspondente DNI.*



Concello da  
Coruña





## Atletas galegos

CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1º	Si	600 €
Absoluta	Si	2º	Si	300 €
Absoluta	Si	3º	Si	150 €

(1) Serán considerados atletas galegos aqueles que presenten un certificado de empadramento nalgúns dos concellos de Galicia.

## Atletas coruñeses

CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1º	Si	150 €

(1) Empadroados no Concello de A Coruña. Para recoller os premios aos mellores coruñeses, estes deberán remitir o certificado de empadramento a seguinte enderezo de correo electrónico: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

**Premio especial Récord da proba (premio acumulable):** o atleta que gañe a carreira e que bata a mellor marca da proba tanto na categoría masculina (2h12:21) como na feminina (2h40:23) obtendrá un premio de 1.000 euros.

Os premios en metálico non serán acumulativos, con excepción récord da proba. No caso de duplicidade, pagarase a contía máis alta. Para poder recoller os premios será necesario xustificar documentalmente o ano de nacemento dos participantes, por medio do D.N.I., os españois, o do documento legal en vigor (pasaporte) os estranxeiros.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender calquera posible reclamación, a organización resérvase a posibilidade de facer entrega dos premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición. No caso de realizarse un control de dopaxe, os premios económicos quedarán retidos ata súa resolución oficial.

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Así mesmo, entregaranse trofeos aos tres primeiros/as clasificados/as de cada unha das categorías indicadas no **Art.6**.



Concello da Coruña







Concello da  
Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

## Art. 20. Cladsificaci3ns no Campionato de Galicia

Realizarase unha clasificaci3n por cada unha das categorías Absoluta e de Veteranos do **Campionato de Galicia** (coincidentes coas categorías da proba popular):

- Individual homes.
- Individual mulleres.
- Clubs

## Art.21. Entrega de premios

A entrega de premios realizarase ás 14.00 horas:

Os atletas premiados deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que se faga anuncio do seu comezo pola megafonía, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio os atletas premiados. Non se entregará o premio a ninguén que non sexa o propio atleta.

Agradecemoslles aos responsables dos clubs, que teñan constancia de que o atleta non está presente, o comuniquen na zona de premiación o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Para aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega, deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante **un prazo máximo de 15 días**, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

## Art. 22. reclamaci3ns

Todas as reclamaci3ns deberán facerse verbalmente ao Xuíz Árbítro, localizado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicar os resultados oficiais.



Concello da  
Coruña



## Art. 23. Descualificacións

Os membros da Organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite a la Organización la documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os xuíces da proba terán a facultade de descualificar a/o infractor que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, RFEA e IAAF.

As persoas corredoras descualificadas non terán opción aos premios e trofeos.

## Art. 24. Responsabilidade

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización disón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirán as incidencias inherentes á proba.

## Art. 25. LOPD

Ao realizaren a inscrición, todos os/as corredores/as aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o participante consinte expresamente que seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades. En todo caso, de conformidade co establecido polo artigo 5 da LOPD, infórmase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte de:



Concello da  
Coruña



a) De conformidade co establecido no artigo 5 da Ley Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte dun **ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións. Todos os participantes ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Autorízase a tomar imaxes sempre que se utilicen para a promoción e difusión de ditas actividades, así como a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Prz. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 y 17 de dita Lei Orgánica.

b) Un ficheiro cuxo responsable do tratamento sexa a Federación Galega de Atletismo, e cuxa finalidade será a xestión de actividades deportivas realizadas baixo a responsabilidade da Federación Galega de Atletismo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro se poderán exercer ante a Federación Galega de Atletismo (Praza Agustín Díaz, 1. Complexo Deportivo de Elviña), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 y 17 da LOPD.

Esta proba pertence ao calendario oficial da Real Federación Española de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos (Nome, Apelidos, NIF/NIE/Pasaporte, Data de Nacemento, Sexo e Código Postal de residencia), sexan remitidos á Real Federación Española de Atletismo para a xestión das licenzas de día, resultados e ranking. A posesión da licenza garante que o corredor participa cuberto por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes

## Art. 26. Compromiso

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.



Concello da Coruña



## Art. 27. Cambios no regulamento

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerara, debendo comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

## Consideración Final

Todo o non reflectido no presente regulamento, rexeráse por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.

## ANEXO CARREIRA 10km

Todos os artigos non especificados neste anexo acolleranse ao Regulamento Xeral da Maratón Atlántica C42.

a) **Saída e percorrido:** A carreira de 10 km. compartirá percorrido co Maratón e efectuarase a saída ás 08:45 h pechándose o control ás 10:15 h.

b) **Cota de inscrición:**

PRAZOS	COTA
Ata o 9 de abril de 2016	5 €
Prazo extraordinario: do 10 ao 16 de abril	15 €

c) **Prazo de inscrición: ver regulamento C42.**

d) **Categorías:**

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO
Júnior	1998-1999
Promesa	1995-1996-1997
Sénior	Dende 1994 e anteriores ata veteranos.
Veteranos 1	De 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba.
Veteranos 2	De 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba.
Veteranos 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba.
Veteranos 4	A partir de 60 anos cumpridos ata o día da proba.
Discapitados en cadeira de rodas	Nados/as en 1999 e anos anteriores



Concello da  
Coruña



DE ATLETISMO EN GALICIA



Gonzacar



## e) Clasificacións:

- Clasificación Xeral Absoluta
- 3 Primeiros clasificados de cada categoría

f) **Avituallamento:** Instalarase un posto de avituallamento entre o Km. 6 e 7 da proba de 10 km, e ao pasar a liña de meta.





Concello da Coruña



## 5. Circuito







## 6. Lebres

Existiran catro lebres claramente diferenciadas que portaran un globo cos tempos de chegada e que marcaran o ritmo a todas aquelas persoas que desexen seguiilos

- 3.00 horas
- 3.30 horas
- 3.45 horas
- 4.00 horas



Concello da Coruña



## 7. Edicións e palmarés

### PALMARES CORUÑA-42. CATEGORIA FEMININA

Ed.	Ano	data	Atleta	Clube	registro
I	2012	15 Abril	María Cabadas	-	3.10.56
II	2013	21 Abril	María Jesús Gestido	-	2.40.23
III	2014	27 Abril	Sonia Teijeiro	Ourenrunning	3.05.56
IV	2015	19 Abril	María Rosario Figueroa	-	3.05.39
V	2016	17 abril	Charo Figueroa	-	3.02.37

### PALMARES CORUÑA-42. CATEGORIA MASCULINA

Ed.	Ano	data	Atleta	Clube	registro
I	2012	15 Abril	Tewodros Zewdu Asfaw	Etiopía	2.19.47
II	2013	21 de Abril	Javier Guerra	Atletismo Bikila	2.12.21
III	2014	27 Abril	Rafael Iglesias	C.A.Adidas	2.15.58
IV	2015	19 Abril	Manuel Penas Blanco	NB Team	2.19.39
V	2016	17 abril	David Pelisek	Rep. Checa	2.29.27



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias




Concello da Coruña



## 8. Evolución da participación

Neste estudo comparativo tomaríanse os datos das persoas entradas en línea de meta, agás no actual 2017 (\*) que se farían cas inscricións formalizadas (ata o momento da elaboración deste dossier)

Ed.	Ano	Mulleres	Homes	Total	Observacións
I	2012	38	928	969	Campionato Galego
II	2013	45	832	877	Campionato Galego
III	2014	51	911	962	Campionato Galego
IV	2015	58	1073	1131	Campionato Galego
V	2016	52	718	770	Campionato Galego





Concello da  
Coruña



## 9. Inclusión e integración

Dende un punto de vista global tanto a Federación Galega de Atletismo, como Concello da Coruña entenden o deporte en xeral, e o atletismo en particular, como unha importante ferramenta de integración e socialización cara todos aqueles colectivos que amosen algun tipo de discapacidade funcional.

En base a esto se tenta favorecer cada ano a participación de atletas con discapacidades adaptando os distintos elementos técnicos para facer posible a súa actuación.

Na proba dos 10 km. adaptarase a saída das categorías de Cadeira de Rodas para que poidan desenvolver a proba sen nengún tipo de impedimentos nin de limitacións

Os atletas que toman parte son:

### CATEGORIA CADEIRA DE ATLETISMO

ILLOBRE SAAVEDRA, Alvaro



Concello da Coruña



Gonzacar



Promociones Inmobiliarias

## 10. Récoros da proba

Récoro	Categoría Feminina	Ano	Rexistro
Mundial	Paula Radcliffe (GBR)	2003	2.15.25
Europeo	Paula Radcliffe (GBR)	2003	2.15.25
España	Mónica Pont	1996	2.27.53
Galego	Maria Abel	2002	2.26.59
Campionato	Maria Jesús Gestido	2013	2.40.23

Récoro	Categoría Masculina	Ano	Rexistro
Mundial	Dennis Kimetto (Kenia)	2014	2.02.57
Europeo	Benoit Zwierzchlewski (Francia)	2003	2.06.36
España	Julio Rey	2006	2.06.52
Galego	Alejandro Gómez	1997	2.07.54
Campionato	Javier Guerra	2013	2.12.21





## 11. Relación dos dez millores atletas (por rexistros)

### CATEGORIA FEMININA

Apelidos	Categoría	Rexistro	Club
Rodríguez Ferro, María Silvia	Veterana	3:16:03	Sprintes Ourense
Papin Estévez, Inés	Veterano	3:23:00	C.A.Sada
Papin estevez, Noelia	Veterano	3:23:26	C.A.Sada
Fernandez García, Victoria	Veterano	3:23:31	Comesaña S.C.
Herrero Blanco, Loreto	Veterano	3:29:17	
Maldonado, Eusebia	Veterano	3:29:18	
Ximenez Rodríguez, M <sup>a</sup> Luisa	Veterano	3:30:30	Nava Atletismo
Kitchen, Stephanie	Veterano	3:36:45	
Santiago Marínez, Cristina	Veterano	3:40:00	C.S.Banco Pastor

### CATEGORIA MASCULINA

Apelidos	Categoría	Rexistro	Club
Palla Gómez, Fernando	Veterano	2:34:17	
Pasandin García, Jose Manuel	Veterano	2:35:44	Runaways RC Gentelmens
Segade Carou, Iván	Veterano	2:35:56	C.A.Boimorto
Antelo Lema, Luis Miguel	Veterano	2:36:42	Terra de Sonbeira
Gonzalez Martínez, Diego	Veterano	2:36:51	C.D.Pinarium
Fernandez Marcos, Noel	Veterano	2:37:00	Runaways RC Gentelmens
Bastos Da Silva, Jose Alberto	Veterano	2:38:42	ADN Runners-Telmo Peluqueros
Rubio Verdasco, Jose Alberto	Veterano	2:39:50	Recta Final-Toscaf
García Gonzalez, Santiago	Veterano	2:40:24	Burgas Ourense
Recouso Camaño, Jose Antonio	Veterano	2:40:39	C.A.Coruña Comarca

Concello da Coruña



ABANCA





Concello da Coruña



//ABANCA



Gonzacar



Ribeiro



Promociones Inmobiliarias

## 12. Relación destacada de atletas participantes

### Álvaro Illobre Saavedra (Ares, 1972)



Álvaro Illobre Saavedra conta no seu curriculum con varios títulos nacionais e internacionais, así como ca participación nos Xogos Paralimpicos de de Sydney (2000) e Pekin (2008) na modalidade de tenis.

Aqui na Coruña-42 participará noutra das súas categorías preferidas, a de Cadeira de Rodas

### Inês Papin Estevez (1969)



A atleta do Club Atletismo Sada participaría este ano na Coruña-21 acadando o trunfo na súa categoría cun tempo oficial de 1.31.31.

O ano pasado tomaría parte no Campionato de España de Marathon que se desenvolvería en Sevilla acadando a quinta posición con 3.23.0.

### Maria Silvia Rodríguez Ferro (1968)



Esta atleta galega tomaría parte o pasado día 12 de febreiro no Campionato do Mundo dos 100 km. desenvolvido nos Alcáceres onde acadaría a 8º posición cun rexistro de 9.35.13.

O seu último rexistro na proba de marathon é do ano 2013 en Donostia onde establecería unha marca de 3.16.03

### Noel Fernandez Marcos (Ribadeo, 1977)



O atleta veterano do Runaways RC Gentelmsendo ten acredoita este ano un rexistro 2.38 20 na marathon de Sevilla o pasado 19 de febreiro que faran del un dos homes a estar polos postos de arriba da clasificación xeral.

O ano pasado lograría a sexta posición na C-42 cun rexistro de 2.37.0